

Circuito Comarcal en Cangas (08/06/2013)

O pasado sábado día 8 de Xuño tivo lugar en Cangas, no CEIP de S.Roque a XIII Festa do Tenis Escolar - 4º Proba do Circuito Comarcal da FGT.

A xornada deu comezo as 09'30h e prolongouse durante toda mañá, xogándose un total de 230 partidos. O estar este ano a competición encadrada no Circuito Comarcal da FGT, a participaron non foi unicamente a cargo dos rapaces e rapazas dos centros cangueses, xa que se achegaron participantes de Vigo, Soutomaior e Moraña.

A participación rondou os 80 xogador@s divididos en 3 categorías, sendo a dos máis pequenos de 1º e 2º curso de Primaria a máis numerosa con casi 40 participantes. As outras categorías foron a de 3º e 4º e os maiores os de 5º e 6º de Primaria. A competición disputouse nunha 1º Fase de liguilla por grupos onde tódolos rapac@s despois de xogar varios partidos se clasificaban en función da súa posición no grupo, ou ven para disputalo campionato da categoría ou para xogar a consolación da mesma.

A media mañá, despois de repoñer forzas, deron comezo as eliminatorias das que saíran os campións de cada categoría: 1º/2º: Consolación – Campión: Páblo Freire (Nazaret). Subcampión: Pablo Mtz.(Españeira). Fase Final – Campión: Hugo Vidal (Stgo.Apostol). Subcampión: Gabriel Camaño (Castrillón). 3º/4º: Consolación – Campión: Ruben Lpz. (Cluteca). Subcampión: Antón Rial (Nazaret). Fase Final – Campión: Moises Ferradás (Cluteca). Subcampión: Pedro Valeiras (Cluteca). 5º/6º: Consolación – Campión: Xián Fonseca (S.Roque). Subcampión: Anxo Lores (Moraña). Fase Final – Campión: Edu Prz.(Cluteca). Subcampión: Jorge Paredes (S.Roque).

Despois da entrega de trofeos, celebrouse un sorteo no que tódolos participantes levaron algún agasallo da XIII Festa do Tenis - 4º Proba do Circuito Comarcal facilitados pola Federación Galega de Tenis e polo Club Tenis Cangas, organizador do evento.

Club de Tenis Cangas